



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 8 DE AGOSTO DE 2014

ASISTENTES:

Presidente:
D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO

SECRETARIO:
D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día oito de agosto de dous mil catorce baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

Non asisten á sesión D.^a Marina Bouza Couce, D.^a Olga María Blanco Teijeiro, D. Fernando Vilar Díaz, e D.^a Delia Paz Ardao.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 28 DE XUÑO DE 2014

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e oito de xuño de dous mil catorce.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 2/2014. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do expediente de modificación de créditos nº 2/2014, pola modalidade de transferencia de créditos por importe de 7.206,38€. O mencionado expediente é para atender o custo de horas extras do persoal laboral do Concello, así como do persoal da limpeza na escola de música e ximnasio municipal que antes facía a empresa Vázquez Garzón, S.L.

O voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular D. José Seco Fernández, reitera o xa manifestado na Comisión Informativa de asuntos do Pleno.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, pregúntase ao Sr. Alcalde - Presidente ¿Cal é o aforro estimado? e con respecto ás horas extras dí que sí se fan hai que pagalas, pero hai que priorizar os traballos. Cita como exemplo que o entorno do Portal de entrada ás Fragas do Eume está cheo de maleza.

Polo Sr. Alcalde-Presidente respóndaselle que o aforro aproximado situase no entorno de 2000€ e que nestes intres o Concello só dispón de dúas persoas e que ademáis temos a sorte de que queren facer horas extras.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos 2/2014, debendo realizarse a incorporación de remanentes, de conformidade co seguinte cadro:

CAPITULO	CONSIGNAC. INICIAL	INCORPOR. REMANENT.	TRANSF. NEGAT.	TRANSF. POSIT.	TOTAL CONSIG. RESULT.
I GASTOS PERSOAL	328.666,19€			7.206,38€	335.872,57€
II GASTOS BENS CORRENTES	558.815,40€	7.798,96€	4.906,38€		561.707,98€
III. GASTOS FINANCIEROS	0,00€				0,00€
IV TRANSF. CORRENTES	21.000,00€		2.300,00€		18.700,00€
VI INVESTIMENTOS REAIS	282.116,82€	24.949,10€			307.065,92€

VII TRANSF. DE CAPITAL	0,00€				0,00€
VIII ACTIVOS FINANCIEIROS	0,00€				0,00€
IX PASIVOS FINANCEIROS	0,00€				0,00€
TOTAL	1.190.598,41€	32.748,06€	7.206,38€	7.206,38€	1.223.346,47€

2º. Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles, aos efectos de reclamacións.

3º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva de anuncio no BOP.

3. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 3/2014.APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos nº3 /2014, pola modalidade de xeración de créditos polo importe de 7.986,28 € que se corresponde cunha subvención da Deputación Provincial da Coruña para a contratación dun oficial e un peón.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular díse que se remite ao xa manifestado da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, maniféstase que non hai nada que obxectar neste punto, xa que se trata dunha subvención que hai que executar.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos número 2/2014, pola modalidade de xeración de créditos, de acordo co seguinte cadro:

CAPITULO	CONSIGNAC. INICIAL	INCORPOR. REMANENT.	TRANSF. NEGAT.	TRANSF. POSIT.	TOTAL CONSIG. RESULT.
I GASTOS PERSOAL	335.872,57€	7.986,28€			343.858,85€
II GASTOS BENS CORRENTES	561.707,98€				561.707,98€
III. GTOS FINANCIEROS	0,00€				0,00€
IV TRANSF. CORRENTES	18.700,00€				18.700,00€
VI INVESTIMENTOS REAIS	307.065,92€				307.065,92€
VII TRANSF. DE CAPITAL	0,00€				0,00€
VIII ACTIVOS FINANCIEROS	0,00€				0,00€
IX PASIVOS FINANCIEROS	0,00€				0,00€
TOTAL	1.223.346,47€	7.986,28€			1.231.332,75€

2º. Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles, aos efectos de reclamacións.

3º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva de anuncio no BOP.

4. INFORME DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2014. DAR CONTA.

A petición do Sr. Alcalde-Presidente, polo Secretario - Interventor do Concello infórmase ao Pleno da Corporación que o derradeiro trinta de xullo de dous mil catorce remitiuse a través da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais dependente do MINHAP os datos económicos deste concello correspondentes á execución orzamentaria do 2º Trimestre do exercicio 2014, todo elo ao abeiro do establecido na Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira e a Orde HAP/2105/2012 do 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na citada Lei.

Neste segundo trimestre do exercicio 2014 o Concello incumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, motivado pola incorporación de remanentes do exercicio 2013 e cumpre coa regra de gasto e o nivel de débeda.

O Pleno da Corporación queda enterado.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas vinte e cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,


Manuel Meizoso López

O Secretario,


José A. Meizoso Paz